

COPIA



Registro General de Documentos

D.A. ESPECIAL / D.A. CORUÑA

CONFEDERACION INTERSINDICAL GALEGA

Nº registro : RGE / 03108681 / 2008

Fecha: 06/10/2008 Hora: 12:42



Federación Intersindical Galega

ACION PUBLICA  
Tributaria

**SR. DELEGADO ESPECIAL DA AEAT  
DELEGACIÓN DA AEAT DA CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10  
A Coruña

**Ref: Produtividade**

A organización sindical **CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (C.I.G.)** e no seu nome Carmen Ares Iglesias, en calidade de delegada sindical da C.I.G. na Axencia Tributaria,

**EXPÓN:**

Que nos pasados días coñecemos a distribución da regularización da produtividade trimestral que se incluiu na nómina de setembro.

Que tendo en conta que non son públicos os criterios para o reparto da mesma, consideramos que ésta non está baseada en criterios obxetivos, polo que queremos transmitirle o **descontento xeral** que, tras coñecer o reparto, se fixo patente neste trimestre, con diferencias máis que sustanciais entre as distintas dependencias, e a diferencias de máis do 200% duns funcionarios respecto a outros que están a facer exactamente o mesmo traballo. Queremos salientar tamén, a relevancia que teñen os postos de atención ao público nas distintas Delegacións e Administracións e que, neste trimestre, non viron reflexado na produtividade a importancia do seu traballo.

Queremos salientar tamén que hai multitude de funcionarios nesta Delegación Especial que cobraron menos produtividade que nos anos anteriores, sen que ninguén saiba o motivo, pois uns xefes derivan a responsabilidade a outros, levando a unha total desmotivación dos traballadores, pois ninguén asume a responsabilidade do acontecido.

. Por todo o anteriormente exposto, **SOLICITO**

Que se tomen as medidas oportunas para que a situación exposta se corrixa , así como que se den as explicacións oportunas sobre o acontecido coa produtividade neste trimestre.

A Coruña, 3 de outubro de 2008

Fdo. Carmen Ares Iglesias  
CIG-AEAT  
Delegación AEAT A Coruña

